

(Resolución do 20 de setembro da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.)

Neste curso 2021-2022 corresponde facer unha renovación parcial do Consello Escolar do Centro, polo que se deben elixir a **tres** representantes do sector pais/ nais/ titores/as legais do alumnado.

Todos os membros do censo son electores e elixibles. Formarán parte do Consello Escolar as tres persoas con máis votos, quedando os demais como suplentes se houberse máis candidatos/as. Teñen **dereito ao voto** o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.

As tres persoas elixidas terán un nomeamento de tres cursos escolares ou ata que a súa filla/o seu fillo deixe de cursar estudos neste centro, sendo neste último caso substituídas polas suplentes se as houberse.

Para exercer o seu dereito ao voto os electores deberán acreditar a súa personalidade mediante exhibición do **DNI ou outro documento identificativo** válido en dereito. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

A continuación preséntase o calendario escolar aprobado pola Xunta Electoral:

Publicación do censo provisional e período de reclamacións ante a Dirección do centro: dende o día 8 ata as 14:00h. do 15 de novembro. Son electores os pais/nais/titores/titoras legais do alumnado matriculado no centro e incluídos no censo exposto no taboleiro de anuncios da entrada do colexio. Recoméndase comprobar os datos (nome e apelidos). Aqueles que, tendo dereito a ser electores, non se atopen incluídos no censo ou os seus datos sexan erróneos presentarán a súa reclamación ante a directora, na secretaría do centro, para poder votar o día 23 de novembro.

Presentación de Candidaturas: dende o día 9 de novembro ata as 14:00h. do día 16 de novembro en secretaría. Hai un modelo de Presentación de Candidatura na secretaría do centro.

Publicación do censo definitivo e das listas de candidatos: día 17 de novembro no taboleiro de anuncios da entrada. Contra o acordo de proclamación de candidatos poderase reclamar os días 18 e 19 de novembro de 11:30 a 12:30 e de 14:00 a 14:50 na secretaría do centro.

Sorteo dos compoñentes da mesa electoral: día 17 de novembro, na reunión da Xunta Electoral. Enviarase comunicación por escrito aos pais/nais/titores/titoras legais elixidos.

Celebración das votacións: día **23 de novembro** nas dependencias do colexio e nos seguintes horarios:

-De 10:00h a 12:00 horas

-De 15:00h a 16:30 horas

Cada elector/a deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do DNI ou documento equivalente. O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector/a poderá elixir ata un máximo de **dous/dúas candidatos/as**.

Publicación de candidatos electos: día 30 de novembro.

Sendo consciente da importancia que ten o Consello Escolar como órgano de goberno do centro educativo, solicito a súa participación, ben sexa como **CANDIDATOS/AS**, ben como **ELECTORES/AS**.

Vilagarcía de Arousa, 8 de novembro de 2021

A directora,

Rosario Domínguez Oviedo